

	<b>Nivel Intermedio (B1 MCERL)</b>	<b>Nivel Avanzado (B2 MCERL)</b>
<b>INTERACCIÓN ORAL</b>	<p>Sei desenvolverme en case todas as situacións que se me presentan cando viaxo onde se fala esa lingua.</p> <p>Podo participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).</p>	<p>Podo participar nunha conversa con certa fluidez e espontaneidade, o que posibilita a comunicación normal con falantes nativos.</p> <p>Podo tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións cotiáns explicando e defendendo os meus puntos de vista.</p>
<b>COMPRESIÓN ORAL</b>	<p>Comprendo as ideas principais cando o discurso é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns que teñen lugar no traballo, na escola, durante o tempo de lecer, etc.</p> <p>Comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.</p>	<p>Comprendo discursos e conferencias extensos e mesmo sigo liñas argumentais complexas sempre que o tema sexa relativamente coñecido.</p> <p>Comprendo case todas as noticias da televisión e os programas sobre temas actuais. Comprendo a maioría das películas nas que se fala nun nivel de lingua estándar.</p>
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	<p>Sei enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, os meus soños, esperanzas e ambicións.</p> <p>Podo explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos. Sei narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película e podo describir as miñas reaccións.</p>	<p>Presento descricións claras e detalladas dunha ampla serie de temas relacionados coa miña especialidade.</p> <p>Sei explicar un punto de vista sobre un tema expoñendo as vantaxes e os inconvenientes de varias opcións.</p>